

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE - LATÍN 4º ESO

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime
Réxime xeral-ordinario

1. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2	2-3				1		1
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.		2-3	1				3	
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2	1-2	1		4			1
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2	2-3	1	2				

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.		3		1-3		1-4		1-2

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución ao latín.	Nesta unidade descubriremos o indoeuropeo, faremos un breve repaso pola historia da escritura e explicaremos o nacemento do alfabeto latino, así como a súa correcta pronuncia. Traballaremos a morfoloxía básica nominal: xénero, número, caso.	5	10	X		
2	A península itálica.	Nesta unidade estudaremos a xeografía básica da península itálica. Estudaremos a primeira declinación e o presente do verbo sum, e comezaremos a ler textos latinos de baixa dificultade.	10	7	X		
3	As orixes de Roma: entre a lenda e a historia.	Nesta unidade estudaremos as orixes míticas de Roma e a monarquía. Aprenderemos a segunda declinación dos substantivos, os adxectivos de primeira clase e o pronome interrogativo. Continuaremos afondando no coñecemento do latín a partir da lectura de familia romana.	10	20	X		
4	O latín e as linguas romances.	Nesta unidade, estudaremos os principais cambios fonéticos que se dan no paso do latín ao galego e o castelán. Tamén comezaremos a traballar coa terceira declinación, temas en consoante, e veremos a formación de presente dos verbos regulares.	10	10		X	
5	A mitoloxía clásica.	Nesta unidade, estudaremos os principais mitos e personaxes da mitoloxía clásica. Polo que respecta á morfoloxía, traballaremos os temas en vogal da	10	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	A mitoloxía clásica.	terceira declinación, así como o pretérito imperfecto e o futuro imperfecto dos verbos regulares e de sum.	10	10		X	
6	A república romana.	Nesta unidade estudaremos aspectos xerais da época republicana romana. Aprenderemos tamén os pronomes demostrativos e o relativo, así como os adxectivos que declinan pola 3ª declinación.	15	12		X	
7	Ocio e vida diaria na antiga Roma.	Ao longo desta unidade descubriremos como era o día a día dun romano, tendo en conta a súa condición social. Traballaremos o tema dos espectáculos e o ocio na antiga Roma. A nivel morfolóxico, estudaremos a cuarta e quinta declinación.	15	12			X
8	O Imperio.	Nesta unidade, estudaremos os elementos básicos para comprender o período imperial da antiga Roma. Polo que respecta á morfoloxía, estudaremos os tempos do tema de perfecto dos verbos regulares e de sum.	15	12			X
9	Tan lonxe, tan preto: a romanización de Hispania e Gallaecia.	Nesta unidade final do curso, faremos un repaso por distintos elementos da cultura latina que son importantes para comprender o mundo no que vivimos hoxe. Revisaremos aspectos literarios, culturais, arqueolóxicos e artísticos que amosan unha boa evidencia do importante que é comprender a cultura clásica para entender a nosa. Faremos unha breve panorámica do proceso de romanización de Hispania e Gallaecia. A nivel morfolóxico, veremos construcións básicas con voz pasiva.	10	12			X

3. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I). Material dispoñible no centro.
Aula virtual
Ordenador de aula e proxector
Aplicacións ofimáticas en ordenador e/ou rede
Material audiovisual
Textos adaptados de temática variada, proporcionados pola profesora

- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida, polo cal a profesora irá introducindo textos adaptados de temática variada. O alumnado non terá que mercar este material, posto que no centro contamos con exemplares abondo para o seu uso.

- Aula virtual: a aula virtual debe ser o espazo de referencia no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller toda a información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar a programación completa da materia, un resumo cos aspectos máis relevantes da mesma, o calendario e, sobre todo, o repositorio de recursos organizados por temas (materiais teóricos e/ou exercicios).

- Ordenador de aula e proxector: Estes recursos xa son comúns nas nosas aulas. Son de especial relevancia naquelas materias, como a nosa, onde non se utiliza libro de texto.

- Aplicacións ofimáticas en ordenador e/ou rede: O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentacións, liñas de tempo, textos con imaxes, etc.

É tamén importante insistir na conveniencia de traballar, no ámbito escolar, con programas ou aplicacións de licenza libre como a suite ofimática LibreOffice. Hai tamén que incentivar a creatividade e o traballo orixinal, premiando e valorando especialmente a capacidade de creación e elaboración de traballos orixinais.

- Material audiovisual: será escollido pola profesora para exemplificar aspectos concretos tanto de cultura como de gramática ou sintaxe.

4. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- 1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
- 2.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- 3.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- 4.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- 5.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos, levaranse a cabo uns teste e probas iniciais durante as primeiras sesións. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar a programación ás circunstancias concretas do grupo.

5. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	5	10	10	10	10	15	15	15	10	100
Proba escrita	55	60	85	75	60	70	55	65	65	66
Táboa de indicadores	45	40	15	25	40	30	45	35	35	34

Criterios de cualificación:

Os contidos relativos ao ámbito da lingua latina (tradución de textos, morfoloxía, sintaxe, evolución lingüística) avaliaranse mediante probas escritas, alomenos dúas en cada avaliación. Estas probas terán sempre a mesma estrutura: un texto para traducir do latín ao galego/castelán, un exercicio de análise morfolóxica sobre unha oración do texto, un exercicio de análise sintáctica sobre unha oración do texto, un exercicio de gramática (declinar/conxugar/concordar/trazar evolución lingüística).

Os contidos de ámbito cultural (mitoloxía, vida cotiá, historia, xeografía, etc.) serán avaliados mediante probas escritas e realización de traballos individuais ou colectivos, segundo o tema concreto.

Posto que a materia de latín ten unha importante carga de traballo práctico, a participación activa na clase e a realización das tarefas diarias son moi importantes. O alumnado deberá levar ao día o seu caderno de clase, así como realizar con puntualidade as tarefas que se propoñan.

A media da puntuación obtida nas probas escritas que se realicen sobre contidos lingüísticos supoñerá o 60% da nota de cada trimestre.

A puntuación obtida no apartado relativo a cultura latina, que se avaliará tanto con probas escritas como con traballos individuais ou colectivos, supoñerá o 30% da nota de cada trimestre.

O traballo diario na clase, que inclúe participación activa, actualización do caderno de clase e realización de tarefas, terá un peso do 10% en cada avaliación. O alumnado que así o desexe terá tamén a oportunidade de realizar tarefas de ampliación e afondamento, que serán tidas en conta para redondear á alza a nota da avaliación final.

A nota da avaliación final obterase a partir da media ponderada das tres avaliacións, segundo estes criterios: 1ª avaliación, 25%; 2ª avaliación, 35%; 3ª avaliación, 40%.

Criterios de recuperación:

Propoñeranse probas de recuperación parciais, de xeito que o alumnado que non supere algunha avaliación teña a oportunidade de recuperala en cada un dos trimestres. Se aínda así quedase algunha parte pendente, farase unha proba global no mes de xuño.

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE - LATÍN I, 1º Bac

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín I	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

1. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O latín e a súa orixe	Nesta unidade farase unha toma de contacto co mundo romano e coa lingua latina. Verase o marco xeográfico da península Itálica, o indoeuropeo (linguas indoeuropeas e familias lingüísticas), as linguas da península Ibérica (romances e non romances), falarase da orixe da escritura e dos distintos sistemas de escritura, e farase unha primeira aproximación á orixe e evolución do alfabeto latino, explicando os distintos tipos de pronuncia do latín, os seus niveis de uso e as súas etapas de desenvolvemento.	5	10	X		
2	O latín, lingua flexiva	Nesta unidade comezarase a tratar con maior profundidade a lingua latina: os formantes das palabras, palabras variables e invariables, conceptos de conxugación e declinación latina. Aprenderanse a primeira e a segunda declinación. Comeza o traballo cos textos, que se estenderá durante todo o curso.	5	10	X		
3	Entre a lenda e a historia: a orixe de Roma	Nesta unidade veranse os adxectivos de tres terminacións e os tempos do tema de presente de indicativo das distintas conxugacións. Tratarase tamén a orixe de Roma, dende o punto de vista da lenda fundacional e dende a óptica da historiografía moderna, e farase unha aproximación á xeografía da península italiana.	9	12	X		
4	A monarquía romana	Nesta unidade verase a terceira declinación e a formación dos tempos de perfecto de indicativo das distintas conxugacións. Tratarase o período da monarquía romana.	9	10	X		
5	As conquistas e a expansión de Roma	Nesta unidade traballarase a cuarta e quinta declinación, e o pronome relativo. Afondarase na sintaxe da oración simple e composta. Estudarase a expansión de Roma nos primeiros tempos.	9	10		X	
6	Mitoloxía e relixión na Roma antiga	Nesta unidade estudaranse os pronomes demostrativos e persoais. Trabarase tamén a mitoloxía e a relixión da Roma antiga.	9	14		X	
7	A república romana	Nesta unidade traballarase o infinitivo e as súas construcións sintácticas. Estudarase tamén a Roma republicana.	9	14		X	
8	A vida pública e a vida privada	Nesta unidade centraremos no estudo de noicións básicas sobre evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e o castelán. No plano histórico, traballarase aspectos relacionados coa vida pública e privada dos antigos romanos.	9	10		X	

9	A Roma imperial	Nesta unidade estudaranse os tempos do modo subxuntivo. Tamén se traballará todo o relacionado coa época imperial romana.	9	16			X
10	Enxeñaría e arte romana	Nesta unidade estudarase a voz pasiva e as estruturas sintácticas relacionadas. Traballarase as principais obras de enxeñaría romana, tanto pública como privada, e farase unha aproximación ás distintas manifestacións artísticas.	9	14			X
11	A romanización	Nesta unidade estudaranse os participios latinos e a súa sintaxe básica. Tamén se traballará a romanización, especialmente no relativo á península Ibérica e a Gallaecia.	9	10			X
12	O exército romano e a lexislación	Nesta unidade farase un afondamento na sintaxe latina, e estudarase o mundo militar romano, así como algúns aspectos básicos do dereito romano.	9	10			X

3. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Aula virtual
Textos adaptados proporcionados pola docente
Bibliografía específica, en formato físico e dixital
Programas informáticos que faciliten a dixitalización dos contidos: mapas mentais, presentacións, liñas temporais
Dicionario de latín-galego ou latín-castelán
Caderno de clase

4. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase no primeiro mes de clase, e irá encamiñada a comprobar o nivel de coñecemento do que parte o alumnado. En Latín I hai a problemática engadida de que algúns estudantes xa cursaron latín en 4º ESO, mentres que outros nunca tiveron contacto con esta lingua. Esta situación provoca que a primeira avaliación sexa un período de adaptación para moito alumnado, e que haxa que preparar materiais ben enfocados para conseguir un equilibrio entre aqueles que xa teñen unha base e os que non.

5. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	5	5	9	9	9	9	9	9	9	9
Proba escrita	90	90	75	85	85	68	70	78	85	68
Táboa de indicadores	10	10	25	15	15	32	30	22	15	32

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Proba escrita	58	68	76

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	9	100
Táboa de indicadores	42	32	24

Criterios de cualificación:

As porcentaxes que se terán en conta á hora de cualificar a materia son as seguintes:

- contidos lingüísticos: 60%
- contidos históricos e culturais: 30%
- traballo diario: 10%

Cada avaliación realizaranse cando menos dous exames de tradución, consistentes nun texto latino para traducir ao galego ou castelán, do cal se destaca unha oración que deberá ser analizada morfosintacticamente. Ademais, inclúiranse algunhas preguntas específicas sobre a morfoloxía que se vai incorporando cada avaliación (conxugacións, declinacións). A media que se obteña destes exames constituirá o 60% da nota total de cada avaliación.

Os contidos históricos e culturais avalíaranse con metodoloxías combinadas: proba escrita e traballo autónomo do alumnado (segundo a temática, pedirase traballo de investigación con exposición en clase, mapas conceptuais, liñas temporais...) A cualificación obtida neste bloque supoñerá o 30% da nota de cada avaliación.

O 10% restante da nota dependerá da valoración do traballo diario do alumnado: levar ao día o caderno de clase, participar de xeito activo e respectuoso, entregar as tarefas.

A nota final da materia resultará da media ponderada entre as tres avaliacións, segundo estes criterios: 1ª avaliación, 25%; 2ª avaliación, 35%; 3ª avaliación, 40%.

Criterios de recuperación:

Propoñeranse probas de recuperación parciais, de xeito que o alumnado que non supere algunha avaliación teña a oportunidade de recuperala en cada un dos trimestres. Se aínda así quedase algunha parte pendente, farase unha proba global no mes de xuño.

- **Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

No presente curso non hai alumnado coa materia de Latín I pendente.

EXTRACTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE - LATÍN II, 2º Bac

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15012730	IES Camilo José Cela	Padrón	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Latín II	2º Bac.	4	116

Réxime

Réxime xeral-ordinario

1. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender e/ou producir textos latinos de dificultade crecente e xustificar a súa comprensión e/ou produción, identificando e analizando os aspectos básicos da lingua latina, en sentido amplo, as súas unidades lingüísticas e reflexionando sobre elas mediante a comparación coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, e poñendo en práctica, se se considera oportuno, habilidades comunicativas tanto orais como escritas, para realizar unha lectura comprensiva, directa e eficaz e unha interpretación razoada do seu contido e, de ser o caso, unha produción oral e/ou escrita correcta.	1-2	2	1-2					
OBX2 - Distinguir os formantes latinos e explicar os cambios que tivesen lugar ao longo do tempo, comparándoos cos das linguas de ensino e outras linguas do repertorio individual do alumnado, para deducir o significado etimolóxico do léxico coñecido e os significados de léxico novo ou especializado.		2-3	1		50			
OBX3 - Ler, interpretar e comentar textos latinos de diferentes xéneros e épocas, asumindo o proceso creativo como complexo e inseparable do contexto histórico, social e político e das súas influencias artísticas, para identificar a súa xenealoxía e a súa achega á literatura europea.	4							1-2
OBX4 - Analizar as características da civilización latina no ámbito persoal, relixioso e sociopolítico, adquirindo coñecementos sobre o mundo romano e comparando criticamente o presente e o pasado, para valorar as achegas do mundo clásico latino á nosa contorna como base dunha cidadanía democrática e comprometida.	3	3		1	31	1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar criticamente o patrimonio histórico, arqueolóxico, artístico e cultural herdado da civilización latina, interesándose pola súa sustentabilidade e recoñecendo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para explicar o legado material e inmaterial latino como transmisor de coñecemento e fonte de inspiración de creacións modernas e contemporáneas.	3			2		1-4	1	1-2

2. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A literatura latina. Introducción. Épica. Lírica. Historiografía. Teatro. Oratoria.	UD ampla na que se concentran todos os contidos de literatura e que se distribúe ao longo do curso. Despois de facer unha introdución xeral á literatura latina (trazos que a individualizan fronte a outras literaturas, grandes etapas, xéneros e autores), pásase ao tratamento duns xéneros e autores que coinciden cos que serán obxecto de exame na proba de acceso á universidade.	20	10	X	X	X
2	Pervivencia da lingua latina.	Nesta UD hanse tratar con especial atención tres aspectos da materia: 1. Os prefixos e sufixos de orixe latina máis frecuentes e produtivos nas linguas de repertorio do alumnado. 2. Os latinismos e aforismos de uso máis frecuente. 3. Toponimia galega. Aspectos xerais e particularidade da toponimia galega con exemplos concretos.	20	10	X	X	X
3	O legado de Roma.	Nesta UD o que se procura é que o alumnado desenvolva un pequeno traballo de investigación, a partir de criterios dados, sobre algún aspecto da herdanza do mundo clásico.	10	4	X	X	X
4	Gramática e textos I. Repaso morfoloxía nominal e pronominal. Oracións de relativo. Repaso dos nexos de coordinación e subordinación máis comúns.	Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía nominal e pronominal tratada en 1.º de bacharelato e, por extensión, as oracións de relativo e os nexos de coordinación e subordinación máis comúns. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	1	4	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Gramática e textos II. Repaso morfoloxía verbal.	Nesta UD o que se procura é un repaso rápido da morfoloxía verbal vista en 1.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	2	4	X		
6	Gramática e textos III. Morfoloxía nominal e pronominal. Afondamento no uso dos casos.	Nesta UD hanse explicar os contidos de morfoloxía nominal e pronominal non tratados en 1.º de bacharelato e que se consideren precisos para poder abordar os textos de 2.º. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	3	4	X		
7	Gramática e textos IV. Morfoloxía verbal. Formas persoais do verbo.	Nesta UD hase rematar o estudo das formas persoais do verbo latino. Normalmente isto comprenderá a explicación dos tempos de indicativo non traballados en 1.º e, sobre todo, o modo subxuntivo. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	4	8	X		
8	Gramática e textos V. Morfoloxía verbal. Formas non persoais do verbo.	Nesta unidade hanse tratar con detalle tanto a morfoloxía como, especialmente, os usos das formas non persoais do verbo latino precisas para abordar os textos de 2.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	5	8		X	
9	Gramática e textos VI. Nexos de coordinación e subordinación.	Nesta unidade hanse tratar os nexos de coordinación e subordinación non tratados en 1.º de bacharelato, que se consideren precisos para abordar os textos de 2.º de bacharelato. Textos de 2.º de bacharelato non adaptados.	6	8		X	
10	Textos VII.	Nesta unidade didáctica hanse tratar textos de 2.º de bacharelato non adaptados, intensificando o traballo de análise e tradución sen necesidade de explicar contidos gramaticais.	29	56			X

3. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Resumo de gramática e sintaxe
Escolma de textos para traducir: Fedro e Eutropio
Materiais elaborados polo Grupo de Traballo de Latín da CIUG
Dicionario latín-español e latín-galego
Aula virtual

4. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación Inicial hase levar a cabo antes do remate da 4.^a semana de curso e, en todo caso, antes das reunións dos equipos educativos para a posta en común dos resultados da mesma.

Os obxectivos da avaliación inicial son os seguintes:

- 1.º Identificar e determinar o nivel de coñecemento de todo o alumnado que non cursara no centro o ano anterior a materia de Latín I.
- 2.º Coñecer as motivacións do alumnado para escoller a materia de Latín II. Aínda que isto xa se fixo en 1.º, é importante volver preguntar por este aspecto dado que é moi frecuente que se produzan cambios de motivacións e/ou obxectivos que pode ser relevante coñecer.
- 3.º Identificar o alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE).
- 4.º Identificar o alumnado repetidor.

INSTRUMENTOS

1. Actas e memoria do departamento do curso anterior.
2. Cuestionario escrito no que o alumnado debe responder a preguntas relacionadas cos catro obxectivos apuntados anteriormente.
3. Diálogo informal co alumnado os primeiros días de aula.

4. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	20	10	1	2	3	4	5	6	29
Proba escrita	80	70	0	75	75	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	30	100	25	25	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Proba escrita	70
Táboa de indicadores	30